



## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 2

VII lexislatura

Serie Pleno

### **Sesión plenaria 27 de xullo de 2005**

**Presidencia da Excma. Sra. D.<sup>a</sup> Dolores Villarino Santiago**

---

### **ORDE DO DÍA**

---

Punto único.- Proposta de candidato a presidente da Xunta de Galicia e presentación do seu programa de goberno e elección, de conformidade co disposto no artigo 15.3 do Estatuto de autonomía de Galicia.

*Ábrese a sesión ás dez da mañá.*

**Proposta de candidato á Presidencia da Xunta de Galicia, presentación do seu programa de goberno e elección.** (Punto único da orde do día.)

*O señor secretario le a Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia na que se propón como candidato á Presidencia da Xunta de Galicia a D. Emilio Pérez Touriño. (Páx. 3.)*

*O Sr. Pérez Touriño expón o programa de goberno. (Páx. 3.)*

*Suspéndese a sesión ás once e trinta e dous minutos da mañá.*

*Ábrese a sesión ás dez da mañá.*

**A señora PRESIDENTA:** Ábrese a sesión.

Rógolle ao señor secretario que dea lectura á orde do día.

**O señor SECRETARIO (López Vidal):** Moi bos días, señorías.

Grazas, señora presidenta.

Punto único da orde do día. Proposta de candidato a presidente da Xunta de Galicia e presentación do seu programa de goberno e elección, de conformidade co disposto no artigo 15.3 do Estatuto de autonomía de Galicia.

O que se publica para xeral coñecemento. Santiago de Compostela, 21 de xullo de 2005. María Dolores Villarino Santiago, presidenta.

**A señora PRESIDENTA:** Entramos na orde do día.

### **Proposta de candidato a presidente da Xunta de Galicia e presentación do seu programa de goberno e elección, de conformidade co disposto no artigo 15.3 do Estatuto de autonomía de Galicia**

**A señora PRESIDENTA:** Rógolle ao señor secretario que dea lectura á Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia, do día 21 de xullo de 2005, relativa á proposta de candidato á Presidencia da Xunta de Galicia.

**O señor SECRETARIO (López Vidal):** Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia do día 21 de xullo de 2005, relativa á proposta de candidato á Presidencia da Xunta de Galicia.

Presidencia. O Estatuto de autonomía de Galicia, no apartado 3.º do artigo 15, establece a obriga da Presidencia do Parlamento de iniciar as correspondentes consultas coas forzas políticas representadas na Cámara co obxecto de formular a proposta dun candidato á Presidencia da Xunta de Galicia.

En aplicación do referido precepto e dos artigos 16 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e do seu presidente, e 136, no seu apartado 1.º, do Regu-

lamento do Parlamento de Galicia, logo de consultar as forzas políticas con representación parlamentaria e oída a Mesa, a Presidencia proponlle á Cámara como candidato á Presidencia da Xunta de Galicia ao deputado don Emilio Pérez Touriño.

Santiago de Compostela, 21 de xullo de 2005. María Dolores Villarino Santiago, presidenta.

**A señora PRESIDENTA:** Ten a palabra o señor candidato á Presidencia da Xunta de Galicia para que proceda á exposición do seu programa.

**O señor CANDIDATO A PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Pérez Touriño):** Señora presidenta, señoras deputadas e señores deputados, hai uns días estivemos todos aquí para comezar unha nova lexislatura, despois das eleccións do 19 de xuño, e todos sentimos a emoción que acompaña os momentos verdadeiramente especiais.

Todos tivemos ese día –e seguimos tendo hoxe– a sensación de que non só estamos abrindo un período parlamentario; a nosa sensación e a nosa convicción é que todos estamos iniciando unha nova etapa na historia de Galicia; unha etapa na que todos, o Goberno, a oposición e a propia sociedade galega, estaremos postos a proba.

A proba consiste en responder a un novo tempo histórico, cada un desde a responsabilidade que lle corresponde, sen defraudar o que o noso país espera de nós. E o que espera é moito, porque os momentos de cambio son tamén momentos de esperanza e de ilusión colectiva, nos que as enerxías sociais se reactivan e en todos os ámbitos nacen novos proxectos, novas iniciativas e novas metas persoais e colectivas.

Esta non é unha lexislatura máis. Probablemente sexa, desde aquela de 1981 en que este Parlamento comezou a súa andadura, a máis especial de todas. Pero, afortunadamente, o seu carácter especial non vén de ningún feito anómalo ou traumático, senón de que entrou en funcionamento un mecanismo de normalidade democrática, como é a alternancia no goberno, libre e soberanamente decidida polo pobo. É a primeira vez na historia da nosa Comunidade Autónoma en que isto sucede como consecuencia dunhas eleccións, pero, a partir de agora, xa quedará incorporado á nosa cultura polí-

tica, non só como un principio teórico, senón como unha práctica normal.

Tampouco é esta unha sesión de investidura máis. Desde logo, non o é persoalmente para quen ten o honor e a responsabilidade de comparecer diante da Cámara e de solicitar a súa confianza para ser elixido presidente da Xunta de Galicia. Pero tampouco o é en termos políticos. Que o Parlamento de Galicia poida elixir un socialista como presidente da Xunta de Galicia, e que o faga cando hai un goberno socialista en España, é un feito cargado de significado político.

Como dirixente do meu partido –e será a única vez no día de hoxe que fale nesa condición– son plenamente consciente de que o Partido Socialista está asumindo un gran compromiso e unha gran responsabilidade con Galicia, tan grande como a confianza que os galegos depositaron en nós hai un ano nas eleccións xerais e hai unhas semanas nas eleccións autonómicas. Estamos decididos a non defraudar esa confianza.

Señorías, neste arranque do meu discurso, quero, en primeiro lugar, determe un momento para falar do pobo galego, ao que nos honramos en representar; un pobo que ten amosado ao longo da súa historia que ten o nervio moral, a vitalidade e o fuste dos grandes colectivos humanos.

Os galegos somos un pobo maduro e intelixente, ao mesmo tempo que con fame de futuro; somos un pobo experto, un pobo consciente, que sabe moi ben o que quere; e somos un pobo solidario, capaz de moverse coma poucos para defender o que cre xusto. É esta Galicia, segura de si mesma e dona do seu futuro, a que se dispón a iniciar o novo rumbo que ela mesma elixiu.

Como escribiu Castelao, “o verdadeiro heroísmo consiste en trocar os anxeios en realidades e as ideas en feitos”. E isto foi o que fixo o pobo galego ao optar, con tanta serenidade como firmeza, polo cambio. Afirmoo coa satisfacción de ser un máis dos que traballaron para que chegase este día, mais tamén coa humildade de saber que foi o pobo galego o que decidiu o cambio. E a nós correspóndenos tan só a fermosa tarefa de impulsalo e de facelo realidade. A miña máxima satisfacción como presidente, se a Cámara me apoia, sería poder dicir no seu momento que estiven á altura do meu pobo.

Señor Fraga, vostede foi presidente da Xunta de Galicia durante os últimos dezaseis anos. O seu partido non conseguiu o apoio maioritario para seguir gobernando, pero vostede obtivo un apoio popular moi importante; un apoio que non imos descoñecer. Como dixo Cervantes: “*Tanto el vencedor es más honrado cuanto más el vencido es reputado*”. Discrepamos moito no pasado e todo indica que seguiremos facéndoo con frecuencia, pero saiba vostede que sempre terá o meu respecto político, persoal e institucional.

Quero aproveitar este momento para anunciarlle á Cámara que someteremos á súa consideración unha norma para regular o estatuto das persoas que ocuparon a Presidencia da Xunta de Galicia.

Señorías, nunca estivo tan claro para todos, e desde o principio, o contido principal dunha decisión electoral. Todos soubemos desde o primeiro momento que nesta ocasión o importante non era expresar o apoio a un ou a outro partido, nin sequera medir a forza relativa de cada un deles, as súas subidas e as súas baixadas. Tratábase de elixir un dos dous camiños posibles para Galicia: o camiño da continuidade ou o camiño do cambio. Por iso repetín unha e outra vez durante a campaña que non estabamos diante dunha opción de partido, senón diante dunha opción de país.

A primeira esixencia que temos que plantexarnos é a de interpretar axeitadamente o mandato das urnas. Moitos gobernos fracasaron –e algún exemplo vivímolo recentemente en España– por interpretar con torpeza e con soberbia o significado dos votos recibidos.

É certo que os galegos optaron polo cambio, pero creo interpretar ben o ánimo colectivo ao afirmar que o cambio que o noso país quere e que o noso país necesita é un cambio en positivo e que mire cara adiante. Se os galegos decidiron darlle paso a un goberno novo e distinto é porque queren avanzar máis e máis de présa, porque tiñan a moi xustificada impresión de que o goberno anterior –xa esgotado despois dun longo ciclo de tres lustros no poder– se convertera nun freo para Galicia.

Son consciente tamén de que Galicia é o menos parecido a unha sociedade unidimensional e monolítica. O noso país é o complexo resultado da mestura e do equilibrio de realidades moi distintas entre si: hai unha puxante

Galicia urbana e un mundo rural, que é, e será sempre, parte da alma máis entrañable desta terra; está a Galicia que vive cara ao mar e a Galicia do interior; a Galicia dos mozos e das mozas e a dos maiores. E tamén, por suposto, a dos que teñen unha visión progresista e a dos que manteñen ideas máis conservadoras. Todo iso é Galicia, e non quero renunciar a ningún destes matices porque todos eles contribúen a que Galicia sexa unha terra máis viva e máis dinámica.

Así pois, o mandato que recibimos é claro; o cambio que a xente quere consiste en recoñecer e en manter o que de bo se conseguiu no pasado, en rectificar o que se amosou como ineficaz e como inxusto, en proporcionarlle a Galicia a renovación que necesita para que entre todos poidamos construír unha sociedade máis libre, máis xusta e máis rica.

O cambio consiste en que as enerxías colectivas se condensen nun novo impulso capaz de poñer a Galicia á altura dos tempos; un impulso que sitúe dunha vez a Galicia no século XXI. Pero, para conseguir isto, a política do cambio debe ser e vai ser unha política de suma e de integración.

O meu máximo obxectivo como gobernante será que ninguén se sinta excluído nesta sociedade, que ninguén se sinta estraño á marcha xeral do país, calquera que sexa a súa situación ou calquera que sexan as súas ideas.

Unha política de integración ten que ser sempre unha política de diálogo; de diálogo na procura do consenso político e da concertación social. Falar con todos, escoitar a todos, respectar a todos e decidir pensando no interese de todos: ese será o meu estilo e o do Goberno, desde o primeiro ao último dos seus membros e desde o primeiro ao último dos días do seu mandato.

Señorías, as eleccións do 19 de xuño deron luz a unha nova maioría parlamentaria. A primeira consecuencia política diso é que se formará un goberno de coalición integrado polos dous partidos que forman esa nova maioría. De feito, o programa que presento hoxe diante da Cámara é o resultado dun acordo de goberno asinado entre o Partido dos Socialistas de Galicia e o Bloque Nacionalista Galego. Este programa contén o compromiso do Goberno que pretendo formar, e do seu cumprimento responderemos diante do Parlamento e tamén diante dos cidadáns.

Por suposto, os dous partidos mantemos a nosa propia identidade política, as nosas propias ideas e a nosa autonomía como organizacións políticas diferenciadas. Para gobernar xuntos non é necesario que os socialistas asumamos o ideario nacionalista nin que o BNG asuma as ideas socialistas. Chega con que compartamos unha visión común do que Galicia necesita nos vindeiros anos e nos comprometamos mutuamente cun programa de obxectivos e de medidas concretas. Esa é a cultura das coalicións de goberno en todas as democracias do mundo, e iso foi o que fixemos, coa convicción de que, ao facelo, estamos interpretando adecuadamente a vontade da maioría electoral que nos apoiou nas urnas. Será, pois, un goberno de coalición co apoio inicial do 53% dos votantes, e coa firme vontade de gobernar para o 100% dos galegos e das galegas. (*Aplausos.*)

Quero deixar claro que o que teremos será un goberno sustentado por dous partidos, pero non por dous partidos que se reparten as áreas de goberno. Este Goberno manterá os principios de unidade de dirección e de unidade de acción, de responsabilidade colexiada e solidaria de todos e cada un dos seus membros, exactamente igual que calquera outro goberno apoiado coma este nunha maioría parlamentaria estable.

A política de cada consellería será a de todo o Goberno, e viceversa: cada conselleiro axustará a súa actuación ás directrices xerais e aos compromisos do programa común de goberno. Sería inútil, pois, que se tentara de debilitar o Goberno tratando de crear situacións artificiais de división polo feito de que estea integrado por dous partidos políticos, entre outras cousas porque o que lles fala só está disposto a presidir un goberno destas características. Polo demais, pretendo que Galicia teña un goberno moderno e aberto, un goberno próximo aos cidadáns e ao servizo dos seus intereses.

O pobo galego é maior de idade, e o que quere é ter honrados e eficientes administradores do interese público, non estruturas de poder que, amparadas nun paternalismo máis ou menos intimidatorio, se convertan na realidade en instrumentos de control social e de dominación política. É a sociedade a que controla os gobernos, non ao revés. Ese será un dos grandes cambios, unha das grandes diferenzas entre o pasado e o futuro.

No marco político que acabo de describir, a acción do Goberno estará articulada arredor de seis eixos básicos: for-

talecer Galicia como realidade política e institucional; dar unha nova dimensión á presenza de Galicia en España; mellorar a calidade da nosa democracia; orientarnos de cara a un desenvolvemento económico rápido e intenso, equilibrado e sostible; garantir a calidade e a eficiencia dos servizos públicos esenciais; e a defensa e a promoción da lingua galega e da cultura de Galicia.

En primeiro lugar, fortalecer Galicia como realidade política e institucional, ou, se o prefiren, fortalecer e seguir desenvolvendo o autogoberno de Galicia, expresado xuridicamente no seu Estatuto de autonomía e politicamente no conxunto de institucións que forman a nosa Comunidade Autónoma.

En segundo lugar, dar unha nova dimensión á presenza de Galicia en España, o que supón que Galicia terá un papel relevante, con voz propia, no Estado das autonomías; e tamén que seremos fieis a un modelo de cooperación activa entre todas as administracións: cooperación activa co Goberno de España e tamén cooperación activa con todos os concellos de Galicia e coas deputacións provinciais. (*Aplausos.*) Ademais, reforzaremos a presenza visible de Galicia no ámbito da Unión Europea.

En terceiro lugar, mellorar a calidade da nosa democracia, corrixindo algunhas eivas que se instaloron na nosa vida pública ao longo dos anos pasados, potenciando a participación cidadá e os mecanismos de control sobre os poderes públicos e ampliando o ámbito e a profundidade dos dereitos e das liberdades civís, das liberdades de todos, sen discriminacións e sen exclusións; un impulso, pois, de renovación e de rexeneración democrática.

En cuarto lugar, orientarnos de cara a un desenvolvemento económico que sexa ao mesmo tempo rápido e intenso, equilibrado e sostible, que atenda as bases estruturais do desenvolvemento das sociedades modernas, que non son outras que a capacitación das persoas mediante a educación, a innovación tecnolóxica, as infraestruturas, a protección do medio ambiente e o equilibrio do territorio. E que, facéndoo, logre impulsar os sectores básicos da nosa economía: a industria e o turismo, os servizos, a agricultura e a gandería e a pesca. Unha política económica que terá un obxectivo prioritario por enriba de calquera outro: conseguir que a nosa economía poida ofrecer máis postos de traballo estables.

En quinto lugar, garantir a calidade e a eficiencia dos servizos públicos esenciais, sobre todo a sanidade e a educación; e, ao mesmo tempo, desenvolver políticas sociais capaces de mellorar o benestar das persoas, promover a igualdade de oportunidades, protexer os máis débiles e impedir a exclusión social.

E, por último, facer que o Goberno –e, en xeral, todas as institucións do noso país– actúen como axentes activos na defensa e na promoción da lingua galega e da cultura de Galicia.

Señorías, a creación do Estado das autonomías foi un dos grandes acertos históricos da Constitución española de 1978. A autonomía política converteuse nun poderoso motor para o despegamento económico e para o despegamento social de moitas rexións e nacionalidades de España, historicamente condenadas ao abandono.

No noso caso, é evidente que o progreso de Galicia nos últimos anos ten moito que ver co noso autogoberno. Galicia existía como nacionalidade antes de que existise a Comunidade Autónoma de Galicia como poder político e institucional; pero a existencia e o desenvolvemento da autonomía, do autogoberno, foi un factor decisivo no rexurdir de Galicia, que cada día é máis evidente e máis poderoso. Se isto é así –e creo que todos coincidimos en que o é–, resulta obvio que o que temos que facer é avanzar máis nese camiño, coidar o noso autogoberno, perfeccionalo, profundalo e adaptalo permanentemente ás novas realidades. Iso é xustamente o que nos propoñemos facer nesta lexislatura.

É frecuente, nos últimos tempos, que o que se deu en chamar o debate territorial en España se plantexe tan só como un debate sobre as identidades. Considero que a identidade da nosa comunidade non é un problema para Galicia nin para a inmensa maioría dos galegos. Como cantaba Celaya, “*nós somos quen somos*”, unha nacionalidade histórica, unha comunidade nacional que forma parte dun Estado que se reconece a si mesmo como plurirrexional, plurinacional e plurilingüe. Somos o que queremos ser e estamos onde queremos estar, en España e con Europa. Esa identidade non nos debe causar ningún problema, nin ser causa de división entre nós; ao contrario, a identidade de Galicia, a súa cultura específica, a súa lingua, son elementos que unen a todos os galegos por enriba da condición social e das propias ideas políticas.

Nós non necesitamos tan só dun estatuto que nos diga quen somos, aínda que está ben que o diga, pero si necesitamos –vintecinco anos despois– reformar o Estatuto de autonomía para mellorar o noso autogoberno, para seguir progresando e estar en Europa e en España coa primeira velocidade.

O Estatuto de 1981, que fixemos entre todos e que a todos nos serviu, foi un instrumento útil para pór en marcha a Comunidade Autónoma de Galicia e guiar os seus pasos ata aquí, pero temos que recordar que aquel estatuto se redactou cando o Estado das autonomías estaba aínda nunha fase tentativa. Desde entón ocorreron moitas cousas: a Comunidade Autónoma xestiona gran parte dos servizos públicos esenciais, o funcionamento do Estado e da Administración transformouse por completo e España forma parte da Unión Europea. Necesitamos, pois, un novo instrumento xurídico: reformar o Estatuto para afrontar con eficacia os problemas e alcanzar os nosos obxectivos nacionais como país nos próximos anos. Por iso, promoveremos a elaboración e a aprobación dun novo estatuto de autonomía de Galicia.

Na miña opinión, tan importante como o contido do Estatuto é a forma de facelo, e para iso só concibo unha forma válida: mediante o consenso entre as forzas políticas que se sentan neste Parlamento, non só por imperativo legal, dada a maioría necesaria para a súa aprobación, senón tamén, e sobre todo, por esixencia política, case me atrevería a dicir, se mo permiten, que por sentido común. A mellor forma de abrir o camiño do consenso é que sexa o Parlamento, esta Cámara, a que asuma desde o principio a responsabilidade da elaboración do novo Estatuto. Así pois, o Goberno non lle presentará á Cámara un proxecto propio, seu, de reforma estatutaria; o que faremos será propoñerlles aos grupos parlamentarios a creación dunha ponencia parlamentaria á que se lle encargue a redacción dun anteproxecto que posteriormente pasaría á correspondente comisión e ao Pleno da Cámara. Ao mesmo tempo, solicitaréi un ditame ao Consello Consultivo; ditame que poñerei a disposición da Ponencia parlamentaria para que o teñan en consideración se o estiman conveniente.

O meu desexo é que os traballos de elaboración do Estatuto se inicien dentro dos seis primeiros meses da lexislatura. O noso obxectivo é que o Estatuto sexa finalmente presentado no Congreso dos Deputados co apoio unánime desta Cámara. Unha vez aprobado polo Congreso, será sometido

ao *referendum* do pobo galego, conforme á previsión do artigo 56 do Estatuto vixente. Como queremos que sexa o Parlamento o que protagonice o proceso desde o principio, digo que o Goberno, como tal, non formulará propostas formais; serán os grupos parlamentarios os que acheguen as propostas que cada un deles considere convenientes. E a negociación e o diálogo sobre estas propostas será tamén entre os grupos parlamentarios e no seo da propia Cámara.

Sen prexulgar os contidos concretos, quero sinalar que o novo Estatuto está chamado a cumprir, entre outros, os seguintes obxectivos: ampliar e asegurar os dereitos dos cidadáns; contribuír ao desenvolvemento económico, á creación de emprego e ao benestar social; establecer unha estrutura institucional máis democrática e ao mesmo tempo máis eficaz e axeitada ás novas demandas sociais; reforzar a identidade lingüística e cultural do país; dotarnos dun marco de competencias coherente e suficientemente garantido; institucionalizar a presenza de Galicia na Unión Europea e no exterior. Todo iso, no máximo nivel posible de desenvolvemento do autogoberno e, en todo caso, dentro do marco da Constitución española.

Señoras deputadas e señores deputados, na miña opinión, Galicia estivo, nos últimos anos, en certo modo ensimesmada, excesivamente centrada en si mesma, e mantivo ata o de agora unha actitude máis ben pasiva nas súas relacións con outras comunidades autónomas e co Goberno central. Pero, con todo, Galicia está en condicións de representar un papel moito máis protagonista e de contribuír de forma importante á definición do proxecto común de España, así como á cohesión e á solidariedade no marco do Estado das autonomías.

Por entidade política, por historia e por cultura Galicia ten unha especial sensibilidade para comprender e compartir as aspiracións doutras nacionalidades históricas, pero, pola súa realidade socioeconómica, Galicia ten moitos problemas parecidos aos doutras comunidades autónomas, e por iso comprende e comparte as necesidades daquelas comunidades que máis requiren de políticas de cohesión e de solidariedade, para evitar que o proxecto común se deteriore pola vía das desigualdades territoriais. Iso é o que nos sitúa nunha posición ideal para representar un papel relevante en España, unha ponte de unión entre unhas e outras. E teño que dicirlles que Galicia debe desempeñar ese papel sen ningún complexo, entre outras cousas porque, ao facelo, estaremos

tamén axudando ao interese de Galicia. Así pois, a nosa voz oírase en todos os foros bilaterais e multilaterais, e non só falaremos do noso, senón do de todos, non só dos nosos problemas, senón tamén dos problemas de España. Porque é verdade que temos moito que recibir, pero tamén temos moito que facer, moito que ofrecer, e queremos facelo.

Señorías, estou convencido –xa o dixen antes– de que o Estado descentralizado é moito máis eficiente que o Estado centralista. Pero é coa condición de que funcione plenamente o principio de cooperación institucional.

Un dos maiores erros do anterior Goberno, señor Fraga, foi que no momento no que o Partido Popular perdeu as eleccións xerais vostedes converteron a Xunta de Galicia nun ariete ao servizo da estratexia de oposición do Partido Popular contra o novo Goberno de España. Iso non é tan só un erro político, senón que cuestiona directamente as bases cooperativas do sistema.

Os partidos políticos están para competir lealmente no marco da democracia, sen dúbida. Os gobernos están para cooperar na solución dos problemas dos cidadáns. Porque as competencias serán en cada caso de quen corresponda, pero os problemas do emprego, da saúde, da educación ou da seguridade son problemas de todos, e ningún gobernante sensato ten dereito a usalos como arma arreboladiza contra outro gobernante. Para nós non hai gobernos amigos nin inimigos: só hai problemas da sociedade que temos que resolver entre todos.

O Goberno de Galicia practicará o principio de cooperación activa. E farao tanto na súa relación co Goberno de España como cos doutras comunidades autónomas naqueles asuntos concretos en que poidamos e debamos actuar conxuntamente. E por suposto farémolo todos os días con todos os concellos de Galicia, calquera que sexa a cor política do seu goberno.

Quero que todos os alcaldes de Galicia saiban que o despacho do presidente da Xunta estará permanentemente aberto para eles e que sempre que se trate de resolver problemas da cidadanía terán en min un aliado.

Dito isto, teño que anunciar que, se obteño a confianza da Cámara, dirixireime inmediatamente ao presidente do

Goberno de España para abrir un proceso de diálogo e negociación, en nome do Goberno de Galicia, arredor dalgúñas cuestións que son do máximo interese para Galicia. Entre elas, a necesidade de corrixir o déficit estrutural acumulado en Galicia, en especial en materia de emprego, educación, sanidade e infraestruturas; a adaptación de institucións como o Senado, o poder xudicial ou certos entes reguladores á estrutura territorial do Estado, o que debe facer posible a presenza nelas de representantes de Galicia; a presenza da Xunta de Galicia nos órganos da Unión Europea, dentro da delegación española, cando se traten asuntos que afecten a competencias exclusivas da Comunidade Autónoma; a representación institucional de Galicia no exterior, especialmente en países cos que existen fortes lazos culturais e nos que existe unha numerosa colonia de residentes de orixe galega.

Tamén está pendente de resolver o tema do financiamento. Está pendente para o conxunto das comunidades autónomas e especificamente para Galicia. Iso esixirá unha definición conxunta do modelo no ámbito multilateral correspondente e tamén unha negociación bilateral para concretar a aplicación do modelo á nosa comunidade.

O obxectivo de Galicia en materia de financiamento é dispor dos recursos que lle permitan financiar os servizos públicos para os seus cidadáns e avanzar ata alcanzar a converxencia real cos territorios máis desenvolvidos de España e de Europa.

Os medios ou as políticas para alcanzar ese obxectivo son esencialmente dous: por unha banda, o aumento da responsabilidade fiscal e da autonomía financeira de Galicia; por outra, a equidade na distribución dos recursos do Estado entre os distintos territorios de España. E entre os instrumentos para levar a cabo esta política, o máis importante é que a Comunidade Autónoma dispoña dunha ampla capacidade normativa sobre os tributos propios e sobre os cedidos.

No plano organizativo é necesario mellorar a xestión e a coordinación entre as distintas administracións tributarias, tanto estatais coma municipais. Estudiaremos a creación dunha Axencia Tributaria Galega que estea consorciada coa Axencia Tributaria do Estado e traeremos á Cámara, se é o caso, o proxecto normativo que corresponda.



Señorías, se hai un ámbito da vida pública de Galicia que necesita un cambio rápido, intenso e profundo, un ámbito no que hai moito que cambiar e pouco que conservar, é o das prácticas políticas levadas a cabo desde o poder. Nos últimos dezaseis anos instalouse unha cultura política de exercicio do poder que impregnou todos os ámbitos e todas as estruturas da Administración e incluso boa parte da sociedade galega; unha cultura que, por dicilo suavemente, non é compatible cos valores e co funcionamento dunha democracia moderna. Ese conxunto de prácticas, que me resisto a seguir chamando cultura política, pódese sintetizar en tres grandes principios: opacidade, discrecionalidade sen control e partidismo.

O poder político en Galicia voltouse opaco e con iso aumentou extraordinariamente a súa capacidade de actuar discrecionalmente alí onde debería actuar seguindo criterios e procedementos regrados. O poder eludiu en gran medida o control social e, con todo, amosou un insaciable afán de controlar a sociedade civil.

Demasiadas veces vimos a dirixentes políticos desta terra, que nunca aceptan dar contas da súa xestión, presumir privada e incluso publicamente de que no seu territorio non se move unha folla de papel sen que eles o coñezan e o consintan. A fidelidade política converteuse nun arancel que os cidadáns deben pagar, non xa para obter un trato privilexiado senón simplemente para exercer os seus dereitos. E en moitas ocasións non se trata nen sequera da fidelidade a un goberno ou a un partido.

A descrición sei que é dura, pero todos os cidadáns que me están escoitando saben perfectamente do que falo.

Señorías, teño a convicción profunda de que, por moito éxito que teñamos en todo o demais, mentres ese tipo de prácticas non desapareza da nosa terra, non poderemos dicir que houbo cambio en Galicia. Traballaremos por instaurar os valores cívicos das mellores democracias: a soberanía do cidadán, a submisión dos gobernantes respecto dos gobernados e non ao revés, a autoconsideración dos membros da Administración como servidores públicos, a transparencia e a limpeza nos procedementos.

O control do poder político, neste caso do Goberno, empeza no Parlamento. Queremos revitalizar o Parlamento galego como centro da vida política, facendo tamén que os cidadáns se sintan máis próximos aos que os representan.

Comprométome a propor unha reforma do Regulamento da Cámara para axilizar o seu funcionamento e para facilitar o control parlamentario do Goberno, incluíndo a obriga que anuncio de someterme, como presidente da Xunta, ao dito control en todos os plenos da Cámara.

Tamén é necesario que o Regulamento facilite a constitución e o funcionamento das comisións de investigación e que se cree unha oficina orzamentaria que facilite o seguimento da xestión económica.

Unha das materias pendentes de Galicia é a reforma da Administración autonómica para facela máis transparente e, ao mesmo tempo, máis eficaz. Para iso dispoñemos agora, a través de Internet, dun poderoso instrumento que nos propoñemos usar intensamente para transformar en sentido positivo a relación dos cidadáns coa Administración. Nos vindeiros catro anos conseguiremos que calquera cidadán de Galicia poida, a través da rede, acceder a toda a información sobre medidas e actuacións do Goberno; realizar a maior parte dos trámites habituais coa Administración; coñecer todos os datos relativos aos procedementos de contratación pública de obras e servizos; avanzar na transparencia. Coñecer o que teñen e do que dispoñen os altos cargos ao entrar, ao estar e ao saír da Administración; acceder a un rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Xunta de Galicia.

Ademais, reformaremos a Lei da función pública para suprimir as marxes de discrecionalidade no acceso a postos de traballo do sector público, e substituiranse por procedementos obxectivos controlables por calquera. Hai que reformar os métodos de contratación para garantir a obxectividade, a transparencia e a eficiencia.

Tamén se presentará unha nova lei de subvencións que asegure que a concesión de axudas públicas se axuste a criterios obxectivos de interese público.

Trátase, nada máis e nada menos, de substituír o discrecional polo regrado; a opacidade pola transparencia; a política dos favores pola dos dereitos da cidadanía.

Comprométome tamén a cambiar a anómala relación que mantivo ata o de agora o Goberno da Xunta cos medios de comunicación de Galicia. En primeiro lugar, que os medios públicos de comunicación sexan públicos de verdade, e non

só na titularidade. Comprometémonos a poñer fin desde o primeiro día á manipulación política da radio e da televisión autonómicas.

Presentarase unha lei nesta Cámara destinada a garantir a autonomía e o carácter de servizo público destes medios. Entre outras medidas, a lei establecerá que o director xeral sexa designado por unha maioría cualificada do Parlamento, superior á maioría absoluta, de tal xeito que, coa actual relación de forzas, será necesario que o apoien os tres grupos da Cámara. Pero tamén hai que regular de forma obxectiva e transparente as relacións cos medios privados. Esta regulación evitará, en todo caso, a concesión discrecional e non regrada de axudas ás empresas de comunicación da nosa comunidade.

Por último, promoveremos unha lei de publicidade institucional que limitará este tipo de campañas aos estritos fins de servizo público, eliminando todo contido propagandístico ou partidista. A lei arbitrará medidas para garantir a limpeza na adxudicación destas campañas.

Señorías, o municipal ten un peso decisivo na vida pública de Galicia. Xa manifestei a miña firme vontade de manter unha continua relación de cooperación activa con todos os concellos de Galicia. Ademais, o Goberno galego impulsará un pacto local para que os concellos vexan formalmente recoñecidas as competencias que materialmente exercen na actualidade.

Falaremos coa Federación Galega de Municipios e Provincias para acordar a participación dos entes locais nos ingresos da Comunidade Autónoma, con criterios de suficiencia financeira e de proporcionalidade. Apoiaremos tamén un novo modelo de financiamento de ámbito estatal que faga posible a participación de todos os concellos nos ingresos do Estado.

Propoño camiñar cara a unha nova organización funcional do territorio de Galicia baseada en comarcas, rexións e áreas metropolitanas.

A Xunta de Galicia traballará nunha política integral de seguridade pública que incluíra unha lei para a creación e o desenvolvemento da policía galega e a súa coordinación coas policía locais.

En canto á xustiza, o noso obxectivo é que a Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sexa progresivamente un verdadeiro órgano descentralizado de goberno do poder xudicial no ámbito da nosa Comunidade Autónoma.

Señorías, o Goberno de España, presidido por José Luis Rodríguez Zapatero deulle nos últimos meses un impulso histórico aos dereitos civís dos cidadáns, con varias iniciativas legais de gran calado. Quero dicir que o vindeiro Goberno de Galicia se suma con entusiasmo a esta dinámica e que no marco das nosas competencias garantizará a plena aplicación da lexislación sobre dereitos civís. Prestaremos especial atención á política de igualdade entre homes e mulleres. Pódolles anunciar que Galicia terá, por primeira vez na historia, o mesmo número de conselleiras que de conselleiros. Cumprirei a palabra, Galicia terá un goberno paritario.

Igualdade nos dereitos, pero tamén nas condicións de vida e de traballo. Por iso faremos unha lei sobre a conciliación da familia e do traballo, e crearemos 30.000 novas prazas en escolas infantís con horarios compatibles co horario laboral dos pais e das nais. Ademais, as empresas nas que se acredite, mediante a correspondente inspección, que discriminan salarialmente as mulleres na súa condición quedarán excluídas dos procedementos de contratación da Xunta de Galicia.

Quero anunciar tamén que presentaremos diante da Cámara un proxecto de lei integral contra a violencia de xénero, co mesmo espírito e obxectivos que a lei estatal recentemente aprobada sobre esta materia.

Señorías, é evidente que Galicia progresou. Iso é precisamente o que hoxe nos permite propoñer metas e medidas máis ambiciosas. Pero tamén o é que en moitos aspectos arrastramos un atraso relativo que é necesario superar; e sobre todo que a nosa economía ten debilidades estruturais que a fan especialmente vulnerable fronte a posibles conxunturas desfavorables e aos retos que hoxe temos plantexados nunha economía globalizada no contexto da Unión Europea.

No lado positivo, pois, temos unha sociedade chea de dinamismo, de creatividade e de capacidade emprendedora, que leva varios anos marcando unha liña de avance. No lado

menos positivo, ocupamos unha posición aínda desfavorable ao menos en tres aspectos básicos: temos un déficit de competitividade, un déficit de modernización do sistema produtivo e un déficit de políticas sociais activas.

A economía galega medrou, pero menos que a do resto de España. Seguimos tendo un modelo produtivo anticuado en boa medida, con escasa innovación tecnolóxica e con baixa produtividade, baseado exclusivamente en salarios baixos, na precariedade laboral e nos subsidios e nas axudas externas. A nosa economía, que dá claros sinais de querer despegar, segue sendo demasiado dependente e, xa que logo, demasiado fráxil. E por suposto temos un problema que é prioritario a calquera outro: a necesidade de crear postos de traballo estables. Un problema que compartimos, certamente, co resto da sociedade española, pero que no noso caso resulta especialmente grave porque a falla de traballo está provocando que miles de galegos mozos abandonen a nosa terra na procura de oportunidades que aquí non encontran. É un drama persoal; pero, sobre todo, é unha catástrofe colectiva. Cando un país non é capaz de reter os seus mozos está fracasando como país. O noso futuro son as nosas mozas e os nosos mozos. Por iso, o seu futuro é xustamente o futuro do país. *(Aplausos.)* O compromiso coa xente nova, coa súa emancipación, co seu dereito a un proxecto persoal e familiar formará parte nuclear dos principais compromisos que asumirei como presidente da Xunta de Galicia.

Señorías, collan esta realidade por onde queiran, pola banda da economía, pola banda do social ou simplemente pola banda do moral. En calquera dos casos, a conclusión é que Galicia non se pode permitir esta descapitalización de recursos humanos da nosa comunidade. Por iso non temos nada máis importante que facer que enfrontar esta situación, e iso pasa obrigatoriamente por que a economía galega estea en condicións de crear emprego estable en cantidade e con calidade suficiente para satisfacer a demanda da nosa poboación en idade laboral, e dos mozos e das mozas en particular.

Crear emprego é a primeira necesidade da sociedade galega e, en consecuencia, será o primeiro obxectivo do Goberno galego. Por iso, se teño a confianza maioritaria da Cámara, o primeiro que farei como presidente da Xunta será poñerme en contacto cos máximos responsables dos sindicatos e das organizacións empresariais e convocalos a unha xuntanza inmediata. Nesa reunión fareilles dúas propostas.

A primeira é crear un mecanismo estable de diálogo entre o Goberno e os interlocutores sociais, de tal xeito que poida producirse un intercambio fluído de ideas e de propostas, e que poidamos estudar conxuntamente e, digo máis, compartir durante toda a lexislatura as principais decisións de tipo social e económico. Dito noutras palabras: converter o diálogo social nun instrumento de todos os días, na norma e non na excepción. *(Aplausos.)*

A segunda proposta será iniciar inmediatamente os traballos para alcanzar un pacto polo emprego no que todas as partes quedemos comprometidas para enfocar a nosa actividade con carácter prioritario cara a este obxectivo nacional. Este pacto debe partir dunhas liñas estratéxicas básicas da política económica e social, e o seu obxectivo principal será –como digo– a promoción de emprego estable e a redución da temporalidade, tanto no sector público coma no sector privado. Nel deberiamos ser capaces de deseñar o conxunto das políticas de emprego e acordar un conxunto de medidas orientadas a favorecer, na adxudicación de contratos da Administración, a aquelas empresas que lles ofrezan mellores condicións de estabilidade aos seus traballadores; loitar contra a fraude na contratación laboral, reforzando a inspección; reformar o Servizo Público de Emprego para facelo máis eficaz e máis eficiente nas súas funcións de intermediación; fomentar a incorporación da muller ao traballo en condicións de igualdade cos homes; poñer en marcha plans territoriais de emprego en colaboración cos concellos e cos axentes sociais en cada ámbito territorial; elaborar un plan de saúde laboral e de seguridade no traballo.

En todo caso, está claro que a capacidade dunha sociedade para crear emprego depende sobre todo da calidade do seu modelo de desenvolvemento económico. O que necesitamos en Galicia é un desenvolvemento que sexa rápido e intenso para superar canto antes o noso atraso relativo respecto doutras zonas de España e de Europa; un desenvolvemento que sexa social e territorialmente equilibrado para non crear tensións internas que o fagan inviable a medio prazo; e un desenvolvemento sostible desde o punto de vista medioambiental para non comprometer o futuro de forma irreversible.

O crecemento ten que ser crecemento intelixente. E un crecemento intelixente e moderno, nun país como Galicia, ten que basearse en seis piares:

O primeiro de todos: o factor humano, a preparación e capacitación das persoas mediante a educación e a formación.

O segundo: a innovación tecnolóxica e a xeneralización do uso das novas tecnoloxías en todos os ámbitos da sociedade.

O terceiro: a dotación de infraestruturas suficientes para canalizar toda a actividade e a mobilidade do país.

O cuarto: a protección do medio ambiente.

O quinto: o equilibrio territorial.

O sexto: a existencia de condicións de equidade social sostidas por políticas sociais activas.

Este é o modelo que queremos impulsar en Galicia. Por iso duplicaremos o gasto público en investigación e innovación tecnolóxica, para conseguir que en catro anos Galicia destine a iso o 1,5% do seu produto interior bruto.

Tamén apoiaremos as empresas para que en catro anos cheguen a dedicar máis da metade dos seus investimentos a investigación e a innovación tecnolóxica. Crearemos centros de investigación e centros de ciencia e tecnoloxía en colaboración co Goberno central e coas universidades, incorporando novos investigadores e facilitando o retorno dos que actualmente traballan fóra de Galicia.

Poñeremos en marcha un plan estratéxico da sociedade da información para xeneralizar o uso das tecnoloxías da información e da comunicación nas empresas, nos centros educativos e nos fogares.

Queremos conseguir que haxa, polo menos, un ordenador en todos os fogares de Galicia; e para iso, durante os dous anos próximos, ofreceremos unha axuda pública de 300 euros por fogar destinados á adquisición dun ordenador con acceso a Internet mediante tarifa plana e conta gratuíta de correo electrónico.

Señorías, falei das infraestruturas como un dos piares do noso modelo de desenvolvemento. Os galegos temos historicamente unha aguda sensación de que o atraso secular da

nosa terra, o seu illamento e a súa marxinação, é unha consecuencia da carencia de infraestruturas que nos permitisen comunicarnos axeitadamente entre nós e co exterior. É xusto recoñecer que nese terreo se avanzou. Pero tamén é certo que Galicia segue respirando pola ferida das infraestruturas, e con razón; porque é moito o atraso acumulado e é xusto que ese atraso se compense progresivamente nos vindeiros anos, e iso debe comprometer a todos, á Xunta de Galicia, ao sector privado, aos concellos, ás deputacións e tamén ao Goberno de España.

O Goberno galego propoñerá que no Plan estratéxico de infraestruturas e transporte, do Goberno de España, e nos plans complementarios se recolla o compromiso de dotar a Galicia das infraestruturas necesarias. Estimamos que iso supón, polo menos, o 8% do investimento total previsto no dito plan e conseguintes.

Quero dicir aquí que me comprometo persoalmente a facer todo o que teña que facer para conseguir que a política de investimentos públicos, tanto a nivel autonómico como a nivel estatal, responda plenamente a ese compromiso. Pero quero tamén –permítanme, señorías– que ninguén espere de min que caia na tentación de utilizar demagoxicamente este tema, que é de especial sensibilidade, para obter vantaxes partidistas, xerar sentimentos de agravio ou buscar unha popularidade máis ou menos pasaxeira provocando certa clase de enfrontamentos institucionais. O que os galegos poden esperar de min neste tema, como en todos os demais, resúmese facilmente: firmeza na defensa dos intereses de Galicia; rigor e racionalidade na procura das mellores solucións. A demagoxia nunca formou parte do meu estilo político e pretendo seguir así, aínda con máis motivo, como presidente da Xunta. *(Aplausos.)*

Ademais do que xa sinaléi sobre o necesario esforzo en investimento público, autonómico e estatal, creo que é razoable plantexarse o obxectivo de que no horizonte do 2010 estean rematados o Corredor do Cantábrico e o do Atlántico, así como a conexión das áreas urbanas por autovía.

Traballaremos estreitamente co Goberno de España para garantir que o tren de alta velocidade chegue á rede de cidades galegas nos prazos acordados polo Congreso dos Deputados; e, ao mesmo tempo, melloraremos a nosa rede interior de ferrocarril.

Presentaremos un plan de infraestruturas do transporte, que será obxecto de debate no Parlamento, coa finalidade de concretar os investimentos e os prazos nas infraestruturas que sexan competencia da Comunidade Autónoma. Este plan terá como obxectivos garantir que todas as poboacións teñan acceso a unha vía de alta capacidade en menos de 30 minutos, así como unha rede viaria de segundo e de terceiro nivel que permita vertebrar efectivamente a eurorrexión que forman Galicia, no seu conxunto, e o norte de Portugal.

Elaboraremos tamén un plan de transporte público de proximidade nas áreas metropolitanas de Ferrol-A Coruña e de Pontevedra-Vigo que se complementará cun billete único de transporte intermodal nas áreas urbanas e metropolitanas.

A seguridade vial será unha prioridade para o Goberno, poremos en marcha plans integrais para reducir o número de vítimas nas estradas galegas.

Daremos resposta a un dos principais problemas da nosa sociedade: o acceso á vivenda. Construiranse vintecinco mil vivendas de protección, e sete mil en réxime de aluguer.

Señorías, o concepto de desenvolvemento sostible converteuse nun elemento que xa é esencial dos deseños de política económica en todo o mundo avanzado. Estamos dispostos a promover con todos os medios ao noso alcance unha utilización racional da enerxía, tanto na produción como na vida doméstica; a apostar polo desenvolvemento de enerxías renovables e non contaminantes; e a controlar estritamente os permisos de construción de centrais hidroeléctricas. E imos afrontar a tarefa de acabar co vertido de augas residuais nas cidades do litoral. En xeral, imos ser belixerantes na loita contra toda clase de vertidos contaminantes nos nosos mares e nos nosos ríos. En particular abordaremos a rexeneración, a preservación e o saneamento integral das rías de Galicia.

O desenvolvemento económico que necesitamos, en fin, ten que producirse equilibradamente sobre o territorio. Galicia ten un problema histórico acumulado de desequilibrio territorial que só pode corrrixirse con gran vontade política e con estratexias de longo alcance.

Queremos impulsar un gran pacto polo territorio, establecendo as correspondentes directrices de ordenación terri-

torial que permitan planificar e ordenar un desenvolvemento equilibrado en todos os ámbitos territoriais da nosa comunidade. Un desenvolvemento que faga posible o crecemento harmónico das cidades, que son o principal motor do dinamismo económico e da innovación, e, ao mesmo tempo, o sostemento e mellora do noso espazo e medio rural; que articule axeitadamente as infraestruturas, os transportes, os equipamentos entre a Galicia do litoral e a do interior; que sirva para cohesionar o país e non para fragmentalo en realidades que deben seguir sendo distintas, pero nunca distantes nin desiguais.

Actuando sobre estes piares fortaleceremos estruturalmente a economía galega e, ao mesmo tempo, impulsaremos os sectores básicos: a industria e o comercio, a agricultura e a gandería, a pesca, o turismo.

O novo Goberno de Galicia apoiará as empresas galegas para o seu crecemento interior e para a súa proxección exterior. Comprometerémonos especialmente con todas aquelas iniciativas emprendedoras que contribúan á modernización do país. Temos a intención de mellorar os mecanismos de axuda e de financiamento público para novos proxectos empresariais. Unificaremos todos os instrumentos de financiamento actualmente existentes nun só organismo e simplificaremos os trámites. Ademais, poñeremos a disposición dos empresarios 20 millóns de metros cadrados de solo industrial, situados sobre todo nas principais áreas metropolitanas. Traeremos á Cámara unha nova Lei de comercio, non sen antes haber dialogado sobre o seu contido cos sectores afectados e cos concellos.

Consideramos que o sector turístico ten un valor estratégico para Galicia, o mesmo pensamos do sector audiovisual. Os dous serán obxecto de plans específicos de promoción e desenvolvemento, en contacto, en diálogo e en concertación cos correspondentes sectores de actividade.

Comprometerémonos tamén de cheo no desenvolvemento das zonas rurais, da agricultura, da gandería e da industria alimentaria. Non só apoiaremos a actividade deses sectores da nosa economía senón que traballaremos por mellorar as condicións de vida nas poboacións pequenas do medio rural, para aumentar a súa dotación de servizos e equipamentos públicos. Apoiaremos especialmente a modernización das explotacións agrarias, con incentivos á incorporación dos mozos, mediante

unha Lei de desenvolvemento rural e outra Lei de ordenación agraria. Esta incluíra especialmente un marco de apoio á explotación agraria familiar, así como medidas de fomento do cooperativismo e da mobilidade de terras.

A reforma da política agraria común afecta fortemente a Galicia. O Goberno galego defenderá o mantemento do máximo nivel de vinculación das axudas que permite a normativa europea, así como a redistribución das axudas do Estado con criterios de cohesión, de protección medioambiental e de calidade na produción.

Apostaremos a fondo polo futuro do sector pesqueiro. Galicia, pola importancia da súa actividade pesqueira, debe ter un papel protagonista nas decisións nesta materia tanto no ámbito do Estado español como na Unión Europea. En relación coa pesca, melloraremos as condicións laborais e de seguridade para os traballadores, así como a seguridade nos buques. Apoiaremos as iniciativas de modernización e renovación da flota, así como a diversificación da actividade nas zonas de pesca. Poñeremos en marcha medidas de recuperación dos bancos pesqueiros baseadas na xestión integral do litoral e no control da calidade da auga e dos fondos mariños e impulsaremos o apoio á acuicultura.

Señorías, na historia do Estado das autonomías hai un antes e un despois. A fronteira, coido, vén sinalada polo momento en que as comunidades autónomas asumiron a responsabilidade de xestionar os grandes servizos públicos esenciais de carácter universal: singularmente a educación e a sanidade.

Hai un pouco afirmei que a primeira necesidade do país, e polo tanto o primeiro obxectivo do Goberno, é a creación de emprego estable. Pois ben, agora afirmo que a outra gran prioridade do Goberno galego nesta lexislatura será a educación. Non me cansarei de repetilo, a variable estratéxica número un do desenvolvemento de cada país nos vindeiros anos non será a súa riqueza material, será a preparación dos seus cidadáns. Cando se fala de sociedade da información ou de sociedade do coñecemento estase sinalando directamente o núcleo do problema.

Na primeira metade do século XXI o capital humano é máis importante que o capital físico, é incluso máis importante que o capital a secas. Xogámonos o futuro na educa-

ción máis ca en ningún outro terreo. O Goberno será estrito e rigoroso na administración dos recursos económicos da comunidade, pero, se hai algún terreo no que estaremos dispostos a facer esforzos especiais, será na mellora do sistema educativo. Simplemente porque o considero o diñeiro mellor gastado e o investimento máis rendible para o meu país.

Ao longo deste discurso propúxenlles ás forzas políticas un pacto polo Estatuto, aos interlocutores sociais un pacto polo emprego e un pacto institucional polo territorio. Quero propoñer tamén un pacto pola educación, no que se impliquen todos os sectores, públicos e privados, da nosa sociedade comprometidos coas tarefas formativas. *(Aplausos.)* Incrementaremos o orzamento da educación nun 20% durante toda a lexislatura. Na Unión Europea o gasto medio en educación está arredor do 6% do produto interior bruto de cada país. Ese tamén é o obxectivo ao que queremos que chegue Galicia.

Apostaremos fortemente pola introdución das novas tecnoloxías nos nosos centros de ensinanza. Comezaremos formando os profesores neste ámbito e dotando os centros dun computador por cada dous alumnos. Tamén apostaremos pola ensinanza de idiomas estranxeiros, especialmente do inglés. Aumentaremos as horas lectivas de idioma, apoiaremos a contratación de máis profesores e daremos bolsas especiais para a aprendizaxe do inglés nos países de orixe durante as vacacións. Conseguiremos que todos os mozos de Galicia rematen o seu período de ensinanza obrigatoria cunha excelente formación xeral, manexando o ordenador e os principais programas informáticos con toda soltura e cun bo dominio do idioma inglés. E traballaremos para que as nosas universidades teñan un nivel científico e académico comparable ao das mellores universidades europeas. A nosa aspiración é que a titulación nunha universidade de Galicia sexa unha titulación de prestixio en calquera ámbito profesional. Créanme, señoras e señores deputados, nada nos fará máis fortes como país, nada garantirá mellor o noso futuro, e, se me permiten, nada me motiva máis como presidente da Xunta.

Gobernar consiste, en primeiro lugar, en facer que funcionen os servizos públicos, todo o demais vén despois. E o servizo que máis marca o nivel de benestar dunha sociedade considero que é a sanidade. O primeiro problema da

sanidade pública, aquí e en toda España, é o financiamento do sistema. Actualmente saben que hai un proceso de negociación en marcha e está previsto que este tema se aborde na próxima Conferencia de Presidentes, que terá lugar no mes de setembro. A Xunta de Galicia fixará a súa posición nestas negociacións para que se teñan en conta as nosas necesidades e para que o resultado final nos asegure recursos suficientes para garantir unha asistencia de calidade para todos.

Gustaríame compartir coa oposición a reflexión previa para chegar a unha posición común, de tal xeito que o presidente da Xunta poida acudir á Conferencia de Presidentes defendendo unha posición sobre o financiamento sanitario que conte co apoio de todos. Invito, por tanto, ao Grupo Popular a abrir un diálogo sobre este tema. En todo caso, comprométome a comparecer, tras cada reunión da Conferencia de Presidentes, para informar á Cámara do seu desenvolvemento e das súas conclusións.

Polo demais, a nosa xestión sanitaria terá, entre outros, os seguintes obxectivos:

Reducir as listas e os tempos de espera para recibir atención, especialmente no que se refire ás intervencións cirúrxicas. O Goberno fará público o obxectivo anual de redución das listas de espera e aprobará os recursos necesarios para cumprilo. (*Aplausos.*)

Ampliar a atención sanitaria pública. A atención primaria estenderase a toda a poboación; desenvolveremos un Plan de saúde bucodental para menores de 14 anos; todas as mulleres que o queiran poderán usar a anestesia epidural para o parto sen dor; e facilitaremos coidados a domicilio a enfermos crónicos ou discapacitados.

Mellorar a calidade da asistencia hospitalaria farémolo, entre outras medidas, reducindo o número de camas por habitación, garantindo a libre elección de médico na asistencia primaria ou aproximándonos a un tempo medio de consulta de dez minutos.

E, por último, progresar na eficiencia do sistema sanitario, en especial do gasto. Neste terreo é especialmente urxente e necesario controlar de forma efectiva o gasto farmacéutico. Farémolo, traballaremos en diálogo cos sectores

afectados, pero farémolo coa firmeza que require a gravidade do problema que ben coñecen todas as súas señorías.

Señorías, o Goberno da Xunta propónse acompañar a subida das pensións do Goberno de España cun complemento autonómico para as pensións non contributivas e para as de viuvez. Intensificaremos as axudas e os servizos para que as persoas maiores poidan vivir digna e comodamente nos seus domicilios. Aumentaremos a axuda a domicilio e a teleasistencia para os maiores que viven sós e poñeremos máis medios para a asistencia sanitaria nos domicilios. O noso compromiso é chegar a atender directamente a todas as persoas que sufran unha situación de dependencia grave e a un 60% daqueles cunha dependencia moderada. Tamén crearemos vinte mil novas prazas en residencias para maiores, vivendas tuteladas e centros de día.

O Goberno elaborará un Plan integral de atención ás persoas discapacitadas que inclúa todas as medidas que, desde os distintos ámbitos da Administración, poidan tomarse para axudar a estas persoas no seu proxecto vital de integración e autonomía social. Queremos lograr que en catro anos o 2% dos postos de traballo estean ocupados por persoas discapacitadas; no sector público traballaremos para que esta porcentaxe suba ata o 5%.

Poñeremos tamén en marcha un Plan especial de loita contra a pobreza e a exclusión social. Neste terreo queremos ter unha colaboración moi estreita cos concellos e coas organizacións sociais, que desenvolven un valiosísimo labor de solidariedade.

Señorías, o alicerce fundamental da identidade colectiva de Galicia é a súa cultura e a súa lingua. Os galegos identifícanse como tales, antes que nada, pola identificación cunha cultura que move resortes emocionais moi profundos do noso pobo. O galeguismo, máis ca unha posición política, é un fenómeno de raíz claramente cultural. E precisamente por iso é algo que nos une e non algo que nos divide.

Non esaxero se digo que Galicia está vivindo nos últimos anos unha auténtica explosión de creatividade, que se plasma en todos os ámbitos da actividade, pero de xeito moi singular na creación cultural. Os creadores galegos son o noso orgullo, e a cultura de Galicia é a nosa primeira embaixadora no mundo. Sabemos, con todo, que a este respecto queda

moito por facer. Por iso, o novo Goberno de Galicia será belixerante en tres liñas de actuación:

En primeiro lugar, a defensa da liberdade de creación e de expresión cultural fronte a calquera presión ou interferencia.

En segundo lugar, o Goberno galego levará a cabo políticas de protección e posta en valor do noso patrimonio cultural, histórico e artístico, pois somos moi conscientes de que ese patrimonio é tanto un valor simbólico coma unha fonte de xeración de riqueza nacional.

En terceiro lugar, o novo Goberno apoiará e promoverá as industrias da creación, o traballo dos creadores culturais e a súa difusión en Galicia e en todo o mundo.

E, por suposto, fomentaremos que os nosos cidadáns teñan acceso aos produtos culturais de todo tipo e aumenten o seu consumo, uso, disfrute e benestar.

A lingua galega é a nosa lingua propia, é un signo de identidade que vai máis alá da identificación con calquera opción política partidaria. A lingua galega non é un elemento circunstancial na vida de Galicia nin un patrimonio detentado por uns poucos. Ao falar da lingua galega estamos falando dun dos piares do noso recoñecemento simbólico como galegos, dunha das principais manifestacións da nosa identificación afectiva con Galicia.

A lingua galega, como dixo Castelao, “*creouna o xenio inviolable do noso pobo e labrouna o amor; a dor e a ledicia de moitísimas xeracións*”. É, en efecto, unha herdanza, un patrimonio, un legado de todos os que nos precederon. E é responsabilidade de todos nós coidar desa fermosísima e entrañable riqueza e transmitirllela ás vindeiras xeracións.

O cultivo e a defensa do idioma galego segue esixindo un compromiso decidido dos poderes públicos para xeneralizar o coñecemento e o uso habitual do idioma galego en todos os ámbitos da sociedade. Temos para iso un bo instrumento, o Plan xeral de normalización lingüística, aprobado unanimemente polo Parlamento no ano 2004 e que o novo Goberno se compromete a desenvolver plenamente. E comezaremos a facelo incluíndo a correspondente dotación de recursos nos próximos orzamentos da Comunidade.

O Goberno galego empregará o idioma galego de forma sistemática en todas as súas comunicacións, e promoverá o seu uso normal nos servizos e dependencias da Administración autonómica e das administracións locais. No ámbito audiovisual, estimularemos o aumento das horas de emisión en lingua galega e a produción de programas en galego en todas as concesións de radio e de televisión. A radio e a televisión autonómicas dedicarán unha maior porcentaxe da súa programación a programas de produción propia. Buscaremos acordos cos medios públicos estatais que emiten no noso territorio para que aumenten tamén as horas de emisión en galego.

Non podo rematar a miña intervención sen lembrar os galegos que residen fóra da nosa comunidade; sei ben que todos sentimos unha inmensa débeda con todos eles. En materia de emigración, cambiaremos favores por dereitos en igualdade. Deseñaremos políticas que incentiven e promovan a incorporación dos descendentes de galegos ao mundo cultural e educativo de Galicia. Garantirémolles ao cento por cento dos emigrantes a posibilidade de acceder aos recursos da Administración. (*Aplausos.*) Comprométome a crear instrumentos políticos e financeiros que permitan a incorporación do empresariado emigrante a un proxecto común para a Galicia do futuro. E, en particular, anuncio a creación dun instituto de cooperación para a promoción de Galicia no exterior.

Señora presidenta, señoras deputadas e señores deputados, analicei o contexto político no que se inicia esta lexislatura, a lexislatura na que, por vontade da maioría do noso pobo, se vai producir unha alternancia no Goberno de Galicia. Subliñei o talante co que afrontamos esta nova etapa, os trazos esenciais que caracterizarán o novo Goberno. E tamén fíxevi os eixos sobre os que se vai articular a acción governamental:

O reforzamento de Galicia como realidade política e institucional, como Comunidade Autónoma.

A presenza de Galicia en España como unha nacionalidade histórica, unha comunidade nacional comprometida co proxecto común dos españois dentro dun Estado democrático, descentralizado, plurinacional.

A profundación da democracia e dos instrumentos de participación e de convivencia.



O desenvolvemento económico equilibrado e sostible para a creación de emprego estable.

Garantir a calidade e a eficiencia dos servizos públicos e a extensión das políticas sociais.

A defensa da lingua e da cultura de Galicia.

Estes serán, efectivamente, os eixos da nosa actuación. Pero todos eles, así coma todos os compromisos concretos que fun anunciando ao longo do meu discurso, responden a tres grandes ideas e a un só propósito; tres ideas e un propósito nos que se reflicte a miña concepción, e a miña convicción profunda, do que Galicia necesita nos próximos anos para acadar os seus obxectivos como país; tres ideas e un propósito, pois, que guiarán todas as horas de todos os días a actividade e o esforzo do presidente da Xunta de Galicia se teño o honor de recibir a confianza desta Cámara. As tres ideas son tan sinxelas coma ambiciosas: modernización, autogoberno e cohesión.

Galicia necesita un forte impulso de modernización que se reflita en todos e cada un dos ámbitos da nosa sociedade: na economía e na educación, na administración e nas empresas, na cidade e no campo, no estrutural e tamén no de cotío. O mundo vai moi de présa e nós partimos con certo atraso; así que, se queremos competir cos mellores –e eu afirmo que si, que queremos, podemos e debemos competir cos mellores–, temos que avanzar moito e de présa. Por iso, todas as accións que propuxen neste discurso teñen o común denominador de marcar unha dirección, unha tensión de signo claramente modernizador.

Galicia necesita afirmarse no seu autogoberno, non só porque a súa historia e a súa identidade lle dan dereito a iso, senón porque o autogoberno nos fai mellores e máis fortes; porque a autonomía política foi unha panca poderosa de progreso e de benestar, e ten que seguir séndoo no futuro.

Queremos unha Galicia segura de si mesma, unha Galicia capaz de esixir todo aquilo que lle corresponde e de face-lo con toda a firmeza, pero tamén capaz de ofrecer e de compartir. Unha Galicia que se desenvolva a partir das súas propias capacidades –que son moitas e cada vez máis–, que non sinta que depende da axuda dos outros; unha Galicia sen complexos.

E Galicia quere ser e necesita ser un lugar para a convivencia, unha sociedade integrada e cohesionada. Un lugar no que valla a pena vivir en compañía doutros. E iso ten que ver coa nosa capacidade para estar unidos, para desenvolver obxectivos e proxectos comúns como país, para evitar divisións e enfrontamentos innecesarios. Pero tamén ten moito que ver con que todos os que viven aquí se sintan integrados na sociedade e non excluídos dela; que todos teñan a súa oportunidade de ter unha vida razoable, que ninguén quede en Galicia abandonado á súa sorte, especialmente se esta é desfavorable.

Unha sociedade solidaria, que atenda e protexa os máis débiles, iso está ben; pero quero algo máis ca iso: quero un país integrado e equilibrado socialmente e territorialmente. (*Aplausos.*) Un país que se basee nos dereitos e non nas axudas e nos favores, un país no que ninguén se sinta inxustamente discriminado ou desigualmente tratado.

Tres ideas, pois, para inspirar unha acción de goberno: modernización, autogoberno e cohesión. E todo iso para servir a un mesmo propósito: facer máis forte a Galicia.

Señorías, estou convencido de que as vindeiras décadas van traer grandes oportunidades para a humanidade; pero tamén grandes problemas e dificultades. Só as sociedades e os países fortes estarán en condicións de aproveitar as oportunidades e de facer fronte aos problemas. Países fortes significa países con institucións asentadas e respectadas por todos; con economías saudables e tecnoloxicamente avanzadas; con cidadáns conscientes e ben preparados; con sociedades integradas e cohesionadas.

Galicia sentiuse débil en moitos momentos da súa historia, pero agora non hai ningunha razón para iso. Agora este país, ao que moitas veces se lle acusou de estar adormecido, respira vitalidade e creatividade, ten fame de futuro. Por iso, a obriga do seu Goberno será aproveitar ese impulso para fortalecer as nosas estruturas en todos os terreos. Despois de todo, a liña condutora deste Goberno, o que nos propoñemos facer, resúmese nunha fermosa expresión: facer país.

Señorías, permítanme que remate cunha reflexión de tipo máis persoal. Ser presidente de Galicia non é un traballo, é un compromiso dos que marcan a vida dunha persoa. O

balance dunha experiencia vital queda condicionado, sen dúbida, polo resultado dun compromiso como este.

É unha razón máis, ademais do amor que sinto pola miña terra, para que poña todo o que teño, todas as miñas enerxías e todas as miñas capacidades, en responder á confianza que depositaron en min primeiro os meus compañeiros, despois os cidadáns e espero que finalmente as súas señorías. Quero ser presidente de todos e para todos os galegos e as galegas. As eleccións xa pasaron e non volverán ata dentro de catro anos. Para min xa non hai votantes dun ou doutro partido, só hai cidadáns e cidadás de Galicia libres e iguais en dereitos e en obrigas.

É probable que durante a miña xestión cometa erros; é posible que alguén se sinta inxustamente tratado nalgún momento. Se iso ocorre, será porque quizais me equivocase, pero nunca porque tivese en conta se ese alguén é, como adoita dicirse, dos nosos ou dos outros. Porque a partir deste momento os nosos, os meus, son todos e cada un dos cidadáns e das cidadás de Galicia. *(Aplausos.)*

Din que a vida é o que che vai ocorrendo mentres fas plans. Os políticos e os gobernos facemos moitos plans, e está ben que os fagamos, coa condición de non chegar a crer que a vida son os plans.

Quero ser un presidente conectado coa rúa e coa vida, coa vida real da sociedade, non esquecer nunca que detrás de cada plan, de cada decisión de goberno, non hai só estatísticas senón persoas de carne e óso que cada mañá comezan un novo día da súa aventura vital. Gustaríame que todas esas persoas me visen como o que son: un cidadán ao que o resto dos cidadáns lle encargaron que se ocupe durante un tempo do que os clásicos chamaban “os asuntos do procomún”; e que o fai cheo de ledicia, de ilusión e de responsabilidade.

Dicía Nicolás Maquiavelo que “non son os títulos os que fan grandes aos homes, senón os homes aos títulos”. Gustaríame poder dicir, ao rematar a miña xestión, que contribuíu co meu esforzo persoal ao prestixio da Presidencia da Xunta de Galicia, porque iso significaría que contribuíu a facer forte o meu país, a Galicia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Esta Presidencia anúncialles ás súas señorías que, tras o tempo de interrupción fixado polo Regulamento, a sesión se reiniciará o día 29 ás doce horas.

Suspéndese a sesión.

*Suspéndese a sesión ás once e trinta e dous minutos da mañá.*

## RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1.- Acuña do Campo, M <sup>a</sup> Carmen	(S)
2.- Adán Villamarín, M <sup>a</sup> do Carme	(BNG)
3.- Aymerich Cano, Carlos Ignacio	(BNG)
4.- Baamonde Díaz, Agustín	(P)
5.- Balseiro Orol, José Manuel	(P)
6.- Baltar Blanco, José Manuel	(P)
7.- Barcon Sánchez, M <sup>a</sup> del Mar	(S)
8.- Barreiro Fernández, José Manuel	(P)
9.- Bernardo Tahoces, Angel	(P)
10.- Blanco Álvarez, Fernando Xabier	(BNG)
11.- Blanco Parga, Carlos Fernando	(BNG)
12.- Bugallo Rodríguez, Anxela	(BNG)
13.- Burgo López, M <sup>a</sup> de la Concepción	(S)
14.- Cajide Hervés, M <sup>a</sup> del Carmen	(S)
15.- Calvo Pouso, Diego	(P)
16.- Castelao Bragaña, José Manuel	(P)
17.- Castiñeira Broz, Jaime	(P)
18.- Castro García, Roberto	(P)
19.- Cerdido Pintos, María Marta	(P)
20.- Cerviño González, Francisco	(S)
21.- Cuiña Crespo, José	(P)
22.- da Silva Méndez, María Carme	(BNG)
23.- Fernández Leiceaga, Xoaquín María	(S)
24.- Fervenza Costas, José	(P)
25.- Fraga Iribarne, Manuel	(P)
26.- Gallego Calvar, Carmen	(S)
27.- Gallego Lomba, José Manuel	(S)
28.- Gómez Alonso, Alejandro	(P)
29.- González Méndez, M <sup>a</sup> Amparo	(P)
30.- Lage Tuñas, José Manuel	(S)
31.- Lobeira Domínguez, Bieito	(BNG)
32.- López Abella, María Susana	(P)
33.- López Besteiro, Manuela	(P)
34.- López Rodríguez, Dámaso	(P)
35.- López Veiga, Enrique César	(P)
36.- López Vidal, Pablo Xabier	(S)
37.- López-Chaves Castro, Ignacio Javier	(P)
38.- Losada Álvarez, Abel Fermín	(S)
39.- Mato Otero, Beatriz	(P)
40.- Meijón Couselo, Guillermo Antonio	(S)
41.- Méndez Romeu, José Luis	(S)
42.- Miras Portugal, Aurelio Domingo	(P)
43.- Negreira Souto, Carlos	(P)
44.- Núñez Feijoo, Alberto	(P)
45.- Orza Fernández, José Antonio	(P)
46.- Palmou Lorenzo, Xesús	(P)
47.- Paz Antón, Xosé Ramón	(BNG)
48.- Paz Franco, M <sup>a</sup> Tereixa	(BNG)
49.- Pérez Ares, César Augusto	(P)
50.- Pérez Herráiz, Margarita	(S)
51.- Pérez Touriño, Emilio	(S)
52.- Pita Varela, Jaime Alberto	(P)
53.- Pontón Mondelo, Ana Belen	(BNG)
54.- Pose Mesura, Modesto	(S)
55.- Quintana González, Anxo Manuel	(BNG)
56.- Rego González, Ismael	(S)
57.- Rodríguez Arias, Marta	(P)
58.- Rodríguez Fernández, Maximino	(P)
59.- Rodríguez Miranda, Antonio	(P)
60.- Rojo Nogueira, Pilar	(P)
61.- Ruíz Rivas, Manuel Santos	(P)
62.- Salgado Núñez, Carmen Janet	(P)
63.- Santalices Vieira, Miguel Angel	(P)
64.- Seara Sobrado, Laura Carmen	(S)
65.- Sestayo Doce, Beatriz	(S)
66.- Soneira Tajés, M <sup>a</sup> Soledad	(S)
67.- Sueiro Pastoriza, Alberto	(P)
68.- Tabares Pérez-Piñeiro, Iago	(BNG)
69.- Tojo Ramallo, Luis María	(S)
70.- Tomé Roca, José	(S)
75.- Villarino Santiago, M <sup>a</sup> Dolores	(S)



---

## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Impresión e distribución: La Voz de Galicia, S.A.  
Ronda de Outeiro, 1-3. 15006. A Coruña.

Dep. Leg. C-255-1982. ISSN 1696-3490